

Acordo do 25 de marzo de 2026, do Consello de Goberno, polo que se aproba a modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña

A solicitude da dirección do Servizo de Biblioteca, co fin de evitar a presenza de varias persoas do servizo nas reunións das Comisións de biblioteca de centro e intercentros, o Consello de Goberno, na súa sesión de 25 de marzo de 2026, acorda a aprobación da seguinte modificación do artigo 11 do Regulamento de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña.

Onde di:

Artigo 11. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros

1. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros son órganos colexiados que se encargan da participación da comunidade universitaria de cada centro na xestión da súa biblioteca.

2. Cada comisión da biblioteca de centro estará composta polos seguintes membros:

a) Presidencia: o/a decano/a ou director/a do centro, ou a persoa en quen delegue.

b) Vogalías:

- O/A director/a da biblioteca do centro.
- Seis representantes do persoal docente e investigador (PDI) elixidos/as pola xunta de centro.
- Deberá haber, polo menos, un membro de cada un dos departamentos adscritos ao centro se non superan o número de seis.
- Tres persoas representantes do estudantado elixidas de entre o alumnado que o representa na xunta de centro.
- Un membro do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da biblioteca do centro.

c) Secretaría: un/unha bibliotecario/a da biblioteca do centro, sen voz nin voto, que designarán o decanato ou a dirección por proposta da dirección da biblioteca de centro.

O decanato ou a dirección do centro comunicaranlle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca de centro.

3. Cada comisión da biblioteca intercentros estará composta polas seguintes persoas:

a) Presidencia: en primeiro lugar ocupará a presidencia da comisión o/a decano/a ou director/a de centro con maior antigüidade no cargo. A presidencia será rotatoria e renovarase cada dous anos.

b) Vogalías:

- O/A director/a da biblioteca intercentros.
- Os/As decanos/as ou directores/as de centro que non presidan a comisión.
- Seis representantes do PDI elixidos/as polas xuntas de centro. Deberá haber, polo menos, un
- Un membro de cada un dos departamentos adscritos ao centro se non superan o número de seis.
- Unha persoa representante do estudantado por cada centro participante na comisión, elixida de entre as persoas que representan o alumnado na xunta de centro.
- Unha membro do PTXAS da biblioteca intercentros.

c) Secretaría: un/unha bibliotecario/a da biblioteca intercentros, sen voz nin voto, que designarán o decanato ou a dirección por proposta da dirección da biblioteca intercentro.

O/A decano/a ou director/a do centro que ocupe a presidencia comunicaranlle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca intercentros.

Debe dicir:

Artigo 11. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros

1. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros son órganos colexiados que se encargan da participación da comunidade universitaria de cada centro na xestión da súa biblioteca.

2. Cada comisión da biblioteca de centro estará composta polos seguintes membros:

- O/A decano/a ou director/a do centro, ou a persoa en quen delegue, que a presidirá
- O/A director/a da biblioteca do centro
- Seis representantes do persoal docente e investigador (PDI) elixidos/as pola xunta de centro. Deberá haber, polo menos, un membro de cada un dos departamentos adscritos ao centro se non superan o número de seis.
- Tres persoas representantes do estudantado elixidas de entre o alumnado que o representa na xunta de centro.
- Un membro do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da biblioteca do centro.

A presidencia da comisión designará a persoa secretaria da comisión de entres os seus membros.

O decanato ou a dirección do centro comunicaranlle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca de centro.

3. Cada comisión de biblioteca intercentros estará composta polos seguintes membros:

- O/A decano/a ou director/a de centro con maior antigüidade no cargo, que a presidirá. A presidencia será rotatoria e renovarase cada dous anos.
- O/A director/a da biblioteca intercentros
- Os/As decanos/as ou directores/as de centro que non presidan a comisión.
- Seis representantes do PDI elixidos/as polas xuntas de centro. Deberá haber, polo menos, un membro de cada un dos departamentos adscritos aos centros se non superan o número de seis.
- Unha persoa representante do estudantado por cada centro participante na comisión, elixida de entre as persoas que representan o alumnado na xunta de centro.
- Unha membro do PTXAS da biblioteca intercentros.

A presidencia da comisión designará a persoa secretaria da comisión de entres os seus membros.

O/A decano/a ou director/a do centro que ocupe a presidencia comunicaranlle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca intercentros.

O reitor

Ricardo Cao Abad